



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
TRINTA DE MAIO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Concelleiros/asD. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ  
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN  
D<sup>a</sup>. MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY  
D<sup>a</sup>: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA  
D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ  
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ  
D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día trinta de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20/04/2016).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

**2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para que se adapte o valor catastral á desvalorización do mercado producida nos últimos cinco anos e se aproba a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis para acadar unha fiscalidade máis social.**

Dáse conta da moción do BNG na que expón que neste concello se efectuou un procedemento de regularización catastral que afecta aos inmóbeis urbanos e construcións en solo rústico alterando o seu valor á alza con carácter xeral, xa que os valores catastrais resultantes non concordan coa dinámica de prezos de mercado, adoptando valores pasados máis elevados do que son actualmente.

O Concello de Vedra pode solicitar á Dirección Xeral do Catastro que inicie un procedemento de revisión catastral, para que revise os valores vixentes que datan do ano 2010 e deben ser corrixidos á baixa en concordancia coa dinámica do mercado, e ademais a ordenanza fiscal reguladora deste imposto véñse aplicando dende o



01/01/2016, que precisa de modificacións para adaptarse á realidade social local, e acadar así un imposto máis social a través de bonificacións.

Por todo iso o BNG-AA propón:

1º.- No que respecta ao valor catastral dos inmobles urbanos e construcións en solo rústico, que o concello de Vedra solicite á Dirección Xeral do Catastro que adapte os valores (que están calculados sobre o referente do ano 2010) á perda de valor do mercado inmobiliario na actualidade (revisión catastral), e mentres non sexa efectiva esta adaptación se suspenda a entrada en vigor a regularización practicada.

2º.- En canto ao Imposto sobre Bens Inmobles, que o concello de Vedra inste ao Ministerio de facenda que introduza na Lei de facendas locais (ou dea aprobación para a inclusión na ordenanza fiscal reguladora do IBI) as bonificacións seguintes (dentro das potestativas).

2.1.- Bonificación de ata o 45% na vivenda habitual por nacemento, adopción, ou novo asentamento de familia nos 5 primeiros anos de vida, por cada filla/o.

2.2.- Bonificación de ata o 45% na vivenda habitual por persoa dependente no núcleo familiar.

2.3.- Bonificación de ata o 90% na vivenda habitual a familias con todos os seus membros en situación de desemprego e sen cobrar prestación nos últimos 12 meses, con fillas/os menores ou estudantes.

2.4.- Bonificación de ata o 45% na vivenda habitual a familias monoparentais; bonificación por filla/o menor de idade ou estudante.

2.5.- Bonificación do 100% do IBI nas leiras rústicas destinadas á produción ecolóxica (ou acredite produción sustentable ) en explotación polo propietario ou deixadas en arrendamento para a fin.

2.6.- Bonificación do 100% do IBI durante os primeiros 5 anos de implantación dunha nova actividade agraria, gandeira ou forestal, nos inmobles rústicos e urbanos vinculados á mesma; ou doutra nova actividade en edificación de nova adquisición destinada integramente a este fin.

2.7.- Bonificación do 100% do IBI aos propietarios que arrenden as terras e/ou edificacións para a implantación dunha nova actividade agraria, durante os primeiros 5 anos sobre os bens arrendados.

3ª.- Incorporar á moción a seguinte proposta do Grupo municipal do Partido Popular: Que o concello de Vedra solicite e faga as xestións pertinentes perante o Servizo de Recadación da Deputación Provincial de A Coruña, para que este poña en funcionamento os mecanismos precisos para que permitir os fraccionamentos dos recibos do IBI en dous pagamentos anuais, por entender que pode facilitar o pagamento polas familias.

O Sr. Castro do BNG-AA expón que esta moción ten dúas vertentes; por un lado paliar dun xeito máis xusto os efectos da regularización catastral, dado que esta se levou a cabo segundo uns valores de mercado referentes ao ano 2010, e de sobras é coñecido que todos os parámetros indicadores coinciden que nos últimos seis anos o valor do mercado se reduciu; e a pretensión é unha revisión de valores de mercado para que os valores catastrais se axusten máis á realidade do mercado, e por outra banda vai



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



directamente sobre do IBI, no que se establecen uns criterios máis sociais, que se aplicarían directamente sobre das bonificacións recollidas na ordenanza reguladora do mesmo, que teñen como finalidade acadar un imposto máis social, bonificando a familias en situación de maiores dificultades económicas e en risco de exclusión social, aplicar bonificacións que favorezan o asentamento de familias no concello, a familias proxenitoras, familias en situación de dependencia, e ao mesmo tempo desgravar na medida do posible o emprendemento no rural das actividades sustentables e respectuosas co medio e que pretendan a localización. En definitiva, di, que pretende na maneira que permita este imposto, afectar mediante bonificacións, atacar un dos problemas capitais deste concello, que é o despoboamento e a perda de poboación, e a falta de asentamento de negocios.

A Presidencia di que votarán a favor da moción porque efectivamente foron chegando aos acordos que parecían lóxicos, que se estivo esperando polos informes xurídicos da Deputación, e o camiño, porque a lei non o permite sobre todo nas bonificacións de tipo social, é a modificación da lei, por iso solicitamos entre todos se modifique a lei para despois aplicala na medida do posible, e polo que respecta á modificación do Relatorio de Valores, estamos de acordo en que hai valores que non son acordes ao mercado, polo que solicitará de forma urxente a revisión.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que tamén votarán a favor da moción, porque todo o que sexa adaptar e axustar os valores ao momento real, e acadar un imposto máis social, evidentemente van votar a favor, aínda que teme que será “un brindado ao sol”, pero por pedir que non sexa.

Intervén de novo o Sr. Castro, e di que dende o BNG-AA celebramos que dean o apoio a unha moción que ten como finalidade establecer uns criterios fiscais socialmente máis xustos (visto dende a nosa perspectiva política da esquerda do país); en contraposición á moción presentada polo grupo do Partido Popular que propoñía unha redución tipo “café para todos” que beneficiaría aos grandes propietarios e prexudicando ás arcas municipais (a todos).

A nosa satisfacción neste asunto non é plena por non dar convencido ao Sr. Alcalde en apoiar o escrito orixinal da moción, na que directamente se articulaba a modificación do artigo da Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI relativo ás Bonificacións, para que estas foran de aplicación inmediata, aínda a pesares de ser coñecedores do risco de anulación polo Servizo de Recadación da Deputación. Creo que se estamos de acordo en que a proposta é socialmente xusta, a desobediencia está lexitimada.

Para rematar a Presidencia di que é unha moción en beneficio dun concello máis social, e que se fai de acordo cos informes xurídicos, que tamén é importante, e en canto ao “brinde ao sol” que expón a voceira do PSdG-PSOE, pode haber máis concellos e autonomías que o soliciten. O importante é que no fondo todos chegaron a un acordo bo para todos os veciños, e a partir de agora pelexaran cada un dende a súa posición política, xa que todos teñen representación en Madrid.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.

**3º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdG-PSOE relativa á revisión catastral.**



Dáse conta da moción do PSdG-PSOE na que expón que o procedemento de revisión catastral vai ocasionar un impacto importante sobre dos habitantes do medio rural en xeral e sobre todo, das explotacións agrarias e gandeiras, posto que estase a catastrar todas as fincas do rural, así como a dar de alta bens como instalacións rústicas que son catalogadas como almacéns ou vivendas, polo tanto pasan a pagar instalacións que ata agora estaban exentas de facelo.

Tendo en conta o acordo adoptado no Parlamento Galego por unanimidade de todos os grupos para paliar o impacto no medio rural e nas explotacións agrarias da revisión catastral, no que instan aos concellos a establecer bonificacións neste tipo de construcións, e a importancia que o sector agrario representa no concello como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva e polo tanto de especial interese municipal, e tamén as dificultades que están a ter neste sector ultimamente solicita a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

- 1.- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para as construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico, e que se regulará a través da ordenanza que se traerá ao pleno o vindeiro mes na que se establecerán os requisitos para poder acceder a dita bonificación.
- 2.- Para as explotacións agrícolas e gandeiras o coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de 0,3%.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que na moción se introduciu unha modificación facendo referencia á proposta non de lei aprobada por unanimidade por todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia, para solicitar o impacto no medio rural e nas explotacións agrarias da revisión catastral.

Expón ademais que é algo no que están a traballar todos os grupos políticos que os representan no Parlamento de Galicia, e dende aí se solicitan unha serie de cuestións, como modificar un decreto no sentido de introducir un coeficiente de depreciación funcional, entre 0,20 -0,80 para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda que estean sen uso de actividade, é dicir, eles van máis alá, e se se pode incluír hai que modificar a lei, pero entende que este acordo é algo que xa a lei lle permite establecer e ademais incluso instan ao concello dende o Parlamento e dende a Xunta de Galicia para que inclúan este tipo de bonificacións, sabendo ademais que a Fegamp e a Xunta asinaron un acordo para ter apoio e levar a cabo isto adiante. E se dende o concello é o único que se pode facer para aliviar dalgún xeito a todo este sector que está moi afectado pola subida catastral, adoptémolo e aprobemos unha ordenanza, e haberá que ser moi exquisito e regulalo todo moi ben.

A Presidencia expón que todos van estar de acordo neste tema, que fixo as consultas cos técnicos da Deputación, e efectivamente pódese aprobar directamente sen necesidade de modificar a lei, pero o que si hai é que modificar a ordenanza reguladora do IBI, e establecer moi ben a documentación e requisitos para poder acceder a estes beneficios fiscais. Di tamén que tal e como xa se falou na Comisión Informativa, entende que o segundo punto, se se vai establecer unha bonificación do 95% na cota tributaria, non ten sentido pasar do 0,44% ao 0,3% no tipo impositivo, posto que economicamente non supón nada pero si unha complicación na recadación do imposto.



O Sr. Castro do BNG-AA solicita a incorporación na moción do seguinte punto: Quedarán excluídas deste beneficios fiscais as prácticas agrícolas con cultivos transxénicos e aquelas que utilicen produtos de tipo glisofato e os neonicotinoides.

Dona Beatriz Amenal di que non está de acordo con este punto, posto que é unha moción que se presenta para paliar o impacto da subida catastral do medio rural, e todos estes produtos son legais, aínda que se pode estar ou non de acordo coa súa utilización. Sinala tamén que entende que tal e como se establece na moción do BNG, se poden incluír bonificacións para a agricultura ecolóxica para incentivar este tipo de agricultura, pero neste caso estase a falar de paliar o impacto da subida catastral nos gandeiros, que non sabe se utilizan ou non ese tipo de produtos, pero que o que se pretende é beneficiar ao maior número posible de persoas afectadas que se dediquen a esta actividade, e non deixalas fóra porque empreguen eses produtos.

O Sr. Castro di que entón entende que se beneficiaría fiscalmente por exemplo a unha empresa foránea que se dedique a cultivos transxénicos con finalidade enerxética, ou a calquera empresa que teña unha actividade agraria de cultivos enerxéticos na que se usen, entre outras, prácticas agresivas para o medio, os transxénicos e outros produtos químicos agresivos e persistentes no medio; contestándolle a voceira do PSdG-PSOE de que se é unha actividade legal si, o que non quere é deixar fóra a un gandeiro por utilizar un tipo de sulfato, e ademais na redacción da ordenanza haberá que establecer os requisitos e discutilo aí nese momento.

Sinala o citado concelleiro, que unha cousa son produtos transxénicos e outra híbridos, e que non son comparables os sulfatos cos neonicotinoides, que están permitidos na Unión Europea por unha maioría mínima, entre eles, polo apoio do Estado Español, e que evidentemente se está a falar de produtos legais, porque senón estaríamos a falar doutro tipo de infraccións. A cuestión -di- é de se se vai beneficiar a calquera tipo de agricultura, xa non as que pode haber agora, senón incluso as que se poidan establecer máis agresivas aínda, e se se está a falar de “barra libre” ou se pola contra se vai poñer coto.

A Presidencia di que entende que as posicións están claras, e como ben sinalou a voceira do PSdG-PSOE, hai que redactar a bonificación coas variantes que poidan existir, e despois aínda ten que ser o pleno o que aprobe a declaración de especial interese, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

Para rematar dona Beatriz Amenal di que nese momento de redactar a ordenanza teremos a axuda da Fegamp, indicándolle ao Sr. Castro que o seu grupo aprobou estas bonificacións sen ser tan esixente, solicitándolle que reconsidere apoiar a moción, e no debate da modificación da ordenanza se falará disto máis a fondo.

Sométese a votación, e o pleno, por unanimidade dos asistentes, aproba a moción, cuxa parte dispositiva di:

Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para a construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico, e que se regulará a través da ordenanza que se traerá ao pleno o vindeiro mes na que se establecerán os requisitos para poder acceder a dita bonificación.



#### **4º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 1º trimestre de 2016.**

Sométese a votación a declaración de urxencia deste punto, e apróbase por unanimidade dos asistentes.

Deseguido dáse conta do PMP do 1º trimestre de 2016, calculado de acordo co establecido no Real Decreto 635/2014., do 25 de xullo, que é de 12,93 días.

O Pleno dáse por informado.

#### **5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da herba artificial o campo de fútbol de San Mamede de Ribadulla, di que é certo que está chegando ao fin da súa vida útil, ao igual que pasa no outro campo de fútbol de Tomonde, e que se fixo unha primeira valoración e ascende a unha cantidade importante, entornando aos 200.000 euros entre os dous, aínda que o de San Mamede é máis antigo polo que será o que primeiro se cambie. Sinala tamén que se trata de instalacións deportivas con moito uso, nas que se traballa moito, con cerca de 200 nenos/as, polo que se trata de investimentos que hai que estudar, intentando atopar os recursos necesarios, ben sexa na Deputación, Federación, ou incluso se se ten que achegar recursos propios, para que polo menos nesta lexislatura se leven a cabo, polo menos un deles.

2.- En canto ao plan para proceder ao arranxo das pistas que se atopan en mal estado, di que efectivamente moitas delas necesitan arranxarse, e de feito vaise facer un plan, incluso bianual para o seu arranxo, sendo a intención do equipo de goberno destinar nos vindeiros investimentos que veñan da Deputación (POS, PAS,...) unha partida importante para arranxar o maior número posible delas, dando prioridade en base a dous criterios: maior deterioro e maior tráfico, pero en calquera caso as obras farase a cabo na primavera do vindeiro ano, agora o que se vai levar a cabo e o arranxo das pistas incluídas no programa do Agader.

3.- Polo que respecta ás filtracións en Trobe, di que realmente no seu momento solicitáronlle o arranxo do tellado, do resto non lle dixeron nada, aínda que de todos os xeitos intentarían arranxalas.

4.- Á pregunta sobre da denuncia que presentou un veciño, don José Agrelo Rosende, para que se retirasen unhas pedras que existían nunha pista pública, di que a día de hoxe aínda non se retiraron, e que a señora non se opón a retiralas pero que se está a mirar a maneira de facelo.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE, contéstalle que os recursos do FOAXCA van destinados ao programa de emerxencia social, e en canto aos arquivos sonoros dos plenos, di que están todos, agás o do 23/11/2016, porque parece que existe algún problema.

---Ás preguntas do Sr. Castro do BNG-AA, a Presidencia contéstalle:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1.- Sobre do libro de Ponte Ulla, di que a Asociación o Cruceiro da Ulla reuniuse con el solicitándolle a colaboración do concello na elaboración do libro, chegando ao acordo de que o concello pagaría a impresión do mesmo, que ascendeu á cantidade de 4.992,00 euros, mandándolle 100 exemplares como regalo institucional.

2.- En canto á Mesa de Desafiuzamento, contesta o seguinte:

Despois de formularlle a pregunta no pleno, sen esperar a resposta do Sr. Alcalde, o Sr. Castro colgou no seu perfil de facebook o seguinte: “Botou a andar a Mesa de Traballo de loita contra os desafiuzamentos do partido xudicial de Santiago e o Concello de Vedra non está (e parece que tampouco o esperan). (O partido xudicial de Santiago está composto por Compostela, Ames, Teo, Vedra e Boqueixón).

A información que temos no BNG-Asembleas Abertas de Vedra é que o noso Concello (o noso Goberno) declinou participar nesta mesa de traballo (por 2 veces); sen embargo o Sr. Alcalde e o Concelleiro de Asuntos Sociais replicáronnos hai unhas semanas no Pleno, que seica “non os avisaran”, “non tiveran noticias ou “que fallaría a comunicación”, iso si, “preguntaron a Boqueixón (que tampouco se presentou) cando leron a nova na prensa”. (Resulta curioso que non pregunten a Compostela -cabeza do partido xudicial-, nin a Ames -foi quen acolleu a xuntanza-, nin a Teo; preguntan a Boqueixón....).....”

Pois ben, o Alcalde, ao día seguinte do pleno solicitoulle a dúas traballadoras municipais das oficinas que fixesen unha investigación sobre deste asunto, revisando o rexistro de entrada de documentos e os correos electrónicos, posto que ademais xa uns días antes unha concelleira do PP de Ames lle informara que na reunión da mesa dixeran que Vedra e Boqueixón non quixeran entrar. Ademais pediulle a unha das traballadoras que chamase a Ames, Teo e Santiago para informarse do asunto, contestándolle Ames, a responsable do tema, que na última reunión que tiveron interpreta que os dous concellos non querían participar porque se quedara en chamalos e non estaban.

Poñémonos tamén en contacto con Santiago de Compostela a través de correo electrónico: “Bos días. Poñémonos en comunicación con vostedes en relación cunha pregunta formulada no último pleno municipal ao Alcalde de Vedra por parte dun dos grupos da oposición. Nese pleno preguntáronlle porque rexeitara participar na Mesa de Traballo de Desafiuzamentos na que participan os concellos de Santiago, Teo e Ames. O motivo deste correo é solicitarlles información sobre cal foi o medio da convocatoria para participar na citada mesa, posto que nin o Alcalde nin o Concelleiro de Servizos Sociais, nin no Rexistro Municipal, consta ningunha invitación neste sentido. O Alcalde de Vedra está sorprendido pola afirmación do grupo da oposición porque en ningún momento rexeitou participar na citada mesa xa que non tivo constancia de que se convidase ao Concello de Vedra á mesma, polo que solicitámoslle información de cando e en que forma se realizou a citada convocatoria”

Contestaron o seguinte “En resposta ao seu e-mail confirmamos que o Alcalde de Vedra non foi convocado á Mesa de Desafiuzamentos, pois só forman parte desa os concellos limítrofes de Compostela, onde se concentra á maior problemática nesta materia” . Chamouse á responsable de Ames, e indignada preguntounos se queriamos presentar ou facer unha protesta na Mesa a través dela, contestándolle que non, que non facía falta.

Mirade, eu non vou utilizar palabras como “construción dunha mentira”, etc, pero si imprudencia ou imprudentes mellor. Sabedes o que me doe?. Que creo e estou convencido de que sodes xente honesta e que traballades coas vosas ideas polo ben de Vedra, como creo que todos os que estamos sentados nesta mesa.



Pero esta información que sacastes, e que xa a principios de maio Roberto publicaches no teu perfil de Facebook (sen esperar a miña resposta e sen contrastar a información), agora demostrase que esa información é falsa. Eu diríavos, tede coidado con quen vos informa, porque non todo vale en política. E vos diredes, non é para tanto. Pois mirade, neste caso si. E vouvos dicir por que isto me doeu especialmente, porque humildemente díxenvos que non recordábamos que nos invitaran, pero que podíamos estar equivocados. E non fostes quen de esperar para corroborar a información. Conclusión: désteslle publicidade a unha información sobre min que non é certa, e agora que facemos?

Pero hai unha segunda parte en relación ao fondo do asunto, polo cal tamén especialmente me doeu. Por un lado creo que temos demostrado coas nosas accións que a nós como goberno de Vedra danos igual a cor política de quen governe en Santiago. A todo o que nos chaman imos e participamos activamente (tanto cando estaba o PP como agora con CA). Dende logo nós nos temos ningún problema con Santiago, non sei se Santiago o ten con nós, non o creo (porque a mal pensados podemos pensar que é casualidade que non inviten aos dous concellos do PP). Creo que a explicación é máis sinxela e simplemente a realidade dos desafuzamentos é unha realidade de contornas máis urbanas como Milladoiro, Cacheiras, Bertamiráns, etc e non de Vedra ou Boqueixón.

Miren, e o de “falta de cariño”, home pola nosa parte non é. Nós non temos ningún problema en participar desas mesas e encantados de poder participar. Pero non me invitan a un sitio conscientemente, e encima teño que pedir perdón e dar explicacións?. Home, ata aquí podíamos chegar, creo que hai que ser máis serios.

Pero o que máis me doeu é que me coñecen como persoa e saben que a pesar dos moitos defectos que teño, son persoa implicada socialmente, máximo neste tema; tanto antes de ser Alcalde como agora que o son, téndome implicado moi persoalmente na busca de solucións habitacionais para familias (sobre todo con menores), e de conseguilas e mantelas. E ademais de facelo coa máxima discreción.

Neste tema podo dicirles que a implicación do Concello de Vedra e deste Alcalde a cabeza é máxima.

Polo tanto non nos invitaron, estaríamos encantados de participar na Mesa e en calquera caso, no tema concreto de desafuzamentos estamos implicados no máximo para resolver os problemas que xurdan en Vedra.

Despois fala doutros servizos, e para que vexa o implicados que estamos nós en defender a Mancomunidade, infórmolles que no tema de emerxencias defendémolo antes e agora, pero é máis, fíxese nas casualidades da vida, no ano 2013 -2014 nunha reunión da Mancomunidade, Teo, gobernado por Martiño Noriega, pediu a disolución da mesma, e Vedra foi o único concello que solicitou que non se disolvera, e que se deixase en “stand by” porque podía facernos falta a todos, e agora o Sr. Noriega como Alcalde de Compostela está a defender a mesma, estando todos os concellos implicados no primeiro problema que había antes e agora, que é o de emerxencias”

3.- En canto ao incumprimento da moción pola que se deberían reverter 69.000 euros no ano 2015 no incremento das partidas de servizos sociais e educación, di que xa a contestou no pleno correspondente e a el se remite, e que en calquera caso quere dicir que este Alcalde conscientemente non falta á verdade, e no tema económico eles mesturan moitos conceptos, e para que non digan que elude as súas respostas se insisten volverá explicalo.

4.- Sobre da consulta de dous expedientes, di que os datos sobre do lodos das fosas sépticas municipais que llos pediron a Viaqua, SAU, e que llos volveron pedir hai 8-10





días, e tan pronto os presenten que llo achegará, e polo que respecta á subvención a Amigos da Camelia, entende que xa o consultou.

5.- En canto á EDAR de Neira de Abaixo, di que unha parte da canalización principal do saneamento pasa por fincas privadas, polo que os propietarios tiñan que ceder os terreos necesarios para permitir o paso. Existían unha serie de veciños en Neira de Abaixo, e algún outro en Santa Cruz e outras aldeas, que asinaron o convenio de cesión dos terreos a cambio de facerlle os enganches á súa vivenda.

Sinala ademais que tamén se reuniu el e o concelleiro Enrique Vázquez cos veciños propios de Neira de Abaixo que se podían conectar, e por ser aldea onde vai situada a depuradora, e falouse das “acometidas” (isto é dende o rexistro ata o límite das parcelas) que de feito custaron cartos, de 300-900 euros cada unha delas. E con todas estas circunstancias algúns veciños, xa tiñan a canalización das súas fecais pegada ao linde e mesmo algunha cruzaba xa a pista, polo que non tiveron que facer obra interior, e outro veciño, que non cedeu terreo pero que negociou coa construtora, Espina Obras Hidráulicas, cedéndolle unha parcela para o depósito de materiais e maquinaria a cambio da conexión, quedando só un veciño pendente, que solicitou unha reunión, na cal despois de explicar todo isto, atopouse unha solución xa que el cederá terreo para ampliar unha pista a cambio da conexión, e así farase un convenio con el.

6.- Por último á pregunta do Sr. Pose do BNG, di que a Comisión de Urbanismo se convocará agora en xuño, para falar de varios temas, insistindo que para o equipo de goberno a obra é legal e conta cos informes correspondentes, e que non acaba de entender a onde quere chegar coa pregunta de se se fai responsable da obra, sinalando que el sempre se responsabiliza dos seus actos e das súas obras e se nalgún está equivocado, pide desculpas e rectifica.

## **6.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Que está a pasar coa Oficina de Correos, que din que vai diminuír o horario, pechala...., contestándolle a Presidencia que dado que tamén llo comentou algún veciño chamou ao Xefe de Demarcación de Correos, que veu ata aquí, e dixo que non se pechaba nin se modificaba o horario.

2.- Pregunta se a EDAR de Neira de Abaixo entrou en funcionamento, contestándolle o concelleiro don Enrique Vázquez que tiñan previsto poñela a funcionar o venres pasado.

3.- Recórdalles que solicitou a colocación dun tubo para o correcto discorrer das augas na pista que vai da Torre a Paradela, que aínda non se colocou, e tamén que se cambiase a marquesiña en Cornado, que está moi deteriorada, e aínda non se fixo.

4.- A canto ascenden ás obras que se están a a levar a cabo na pista polideportiva de Santa Cruz de Ribadulla?

5.- Teñen constancia dunha veciña de Vedra que reclama a retirada dun nespreiro, porque é alérxica, pregunta se se retirou?

A Presidencia contéstalle que a unha veciña de Vedra envióselle a empresa Servides para a retirada do mesmo, aínda que non sabe se se refire a este caso.

6.- En canto á pista que vai de Bazar cara Paizás, que vai polo medio do monte, e as beiras están cheas dun montón de lixo, e pode haber problemas cos coches, polo que solicita que se retire a mesma.



7.- No pasado exercicio o Sr. Alcalde tivo unha reunión na Consellería polo tema do dispositivo que contamos en Vedra para a loita contra dos incendios forestais, e dado que estamos ás portas do novo verán e quedaran de avanzar neste tema, pregunta que previsións hai?

--Don Roberto Castro do BNG-AA, di que efectivamente o Sr. Alcalde ten razón en que non avanzamos, porque con cada resposta aparecen máis dúbidas. Así, con respecto á Mesa de Traballo contra dos Desafuzamentos do Partido Xudicial de Santiago, o Sr. Alcalde coñece mellor ca el o que é, polo tanto cínguense ao Partido Xudicial e non aos concellos urbanos limítrofes con Compostela. Di que a raíz do que menciona no Facebook, está totalmente contextualizado na resposta que deu el máis o concelleiro de servizos sociais no momento no que se formulou a pregunta, e se pasado máis dun mes fixeron as súas cábalas e recompuxeron un pouco a súa argumentación vale, acéptana; pero isto lévanos a que ao mellor temos que tirar da orixe do problema, posto que parte dun convenio que a Fegamp remitiu aos concellos, que ao mellor á Vedra tampouco chegou.

En canto ao libro de Ponte Ulla, que veu a raíz da comparación que fixo co famoso libro do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, di que o que teñen claro é que a redacción, montaxe e todo o traballo de elaboración foi un traballo de colaboración da Asociación, sen ningún tipo de lucro. Pola contra do de Santa Cruz, o que fixo o concello foi pagar a redacción, e a impresión que fixo a Deputación, e polo tanto tamén pagamos todos.

De seguido formula as seguintes preguntas:

1º.- Sobre da campaña de recollida de alimentos en Nadal 2015:

O concello organizou no Nadal unha campaña de recollida de alimentos (Carreira nocturna, colaboración de asociacións como San Campio...).

Chegounos a información (esperemos e desexamos que sexa inexacta, errónea ou equivocada) de que unha partida importante destes alimentos se atopaban ao remate do mes de marzo aínda depositados na Casa das Artes da Chousa do Cotiño, habendo gran cantidade de produtos aos que lle quedaban poucos días da data de consumo.

De ser certa esta información, o asunto é moi grave; polo que lle pedimos, se é posible, que nos disipe calquera sombra de dúbida ao respecto.

2.- Emprego de herbicida polo Ministerio de Fomento na beira das vías da súa titularidade en Vedra.

O Ministerio de Fomento está a empregar herbicida (Glifosato, segundo os datos que nos facilitaron doutras áreas) para a eliminación da vexetación nas beiras das estradas ao seu paso polo concello de Vedra.

En concreto o glifosato é un principio activo sobre o que a propia Comisión Europea ten adiada a renovación da autorización e declarado probablemente canceríxeno para os humanos pola OMS. O emprego deste axente nas beiras das vías é moi negativo para o medio, pois estas zonas están previstas para facilitar as escorrentías e polo tanto a súa dispersión sobre os terreos e as augas é moito maior, contaminando sen control os cultivos.

Pedimos que inste ao Ministerio de Fomento a que NON empregue GLIFOSATO nin outro herbicida nas beiras das estradas.



3.- Reclamación de contía de 200.000 euros ao Concello por parte de Viaqua, SAU.

Dende a ano 2010 o Concello de Vedra cobra as taxas do recibo de saneamento aos veciños, pero este diñeiro que chega ás arcas municipais non se transfere á empresa adxudicataria do servizo.

Ante a negativa do concello a pagar, o asunto chegou ao Xulgado, reclamando a empresa o importe ata outubro de 2014.

A postura do Sr. Alcalde sobre este asunto sempre foi de que NON se debía pagar, que así llo aconsellaran. Encargou informes xudiciais, que xa pagamos os contribuíntes e sempre que lle preguntamos por este asunto no pleno contestou co silencio; silencio mesmo cando lle preguntamos se levaba incorrendo nun incumprimento de contrato durante todos os anos de alcalde.

Resulta que por resolución da Alcaldía de data 17/04/2016 foi ordenado o pagamento do primeiro prazo da débeda con Viaqua (Contencioso-Administrativo).

Resulta pois, que a os datos que dende o BNG-AA vimos facendo públicos, e que o Sr. Alcalde nega ou cala ou cualifica de demagogia, son totalmente certos. Pedímoslle pois que nos explique en que consiste este pagamento e se ten coñecemento vostede de ter incorrido nun incumprimento do contrato.

Dado que con posterioridade a outubro do 2014, o concello tampouco está a reverter á empresa adxudicataria o importe dos recibos pagados polos veciños, é coñecedor vostede de estar incorrendo nos mesmos feitos polos que foi denunciado o concello?

--O Sr. Pose do BNG pregunta:

1.- Sobre da débeda latente do BBVA respecto do polígono industrial. Está o BBVA facendo as achegas económicas ao polígono que lle corresponden como propietario dunha parte dos terreos?. Está o concello achegando ao polígono industrial os cartos adebedados polo BBVA?. Considera o concello que a débeda que o BBVA ten contraído co polígono industrial, que o concello reclama xudicialmente no seu nome en razón á figura de xestor que lle corresponde é de difícil cobro?

2.- Atendendo á liquidación do orzamento, sobre dos 800.000 euros segundo os seus cálculos que se destinaron a asfaltados, e en calquera caso dado que se trata dunha partida considerable, pregunta cal é o mecanismo que emprega o concello para o control dunhas partidas tan fortes nas liquidacións orzamentarias anuais? Cales son os medios propios do concello para o control destas partidas? Cales son as empresas adxudicatarias dos contratos de reparación de viais durante os dous últimos anos? Cal foi o método de adxudicación das obras e cales foron os importes das mesmas?

3.- Analizando a acta da última Xunta de Goberno sobre do nomeamento de don Horacio Pegito Lobato como Alcalde Honorífico do Concello de Vedra, pregunta se está a estudar o seu grupo o nomeamento de don Horacio Pegito, que é unha persoa intimamente ligada ao PP, a través do desempeño de importantes cargos de responsabilidade do PP nacional na emigración, participou en listas electorais ligadas ao PP, e en relatorios na Fundación das FAES de Aznar, nomeado fillo predilecto de Boqueixón con don Adolfo Gacio como Alcalde, como fillo predilecto de Vedra? Consideran que é unha persoa tan vinculada e que ten a unanimidade necesaria para merecer unha distinción tan importante? Recórdalles que só existe unha persoa nomeado fillo predilecto de Vedra, don Jesús Iglesias Estévez, curiosamente tamén ligado ao seu partido, pero que a diferenza de don Horacio Pegito existía unanimidade



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



de carácter transversal sobre da súa persoa, que percorría todos os grupos políticos municipais, mencionando que parte dos terreos nos que se asenta o centro de saúde de Vedra, foron doados por el. Cre que o Sr. Pegito esperta o mesmo aprecio transversal que merece este recoñecemento tan importante?

Para rematar, expón que atendendo ao consello do Sr. Alcalde sobre das responsabilidades e ademais respondendo á súa pregunta sobre a onde quería chegar; hai dous meses ante a negativa do Sr. Alcalde de solicitar un informe técnico sobre da construción dun muro en San Xián, o BNG veuse na obriga de ditar un informe técnico en relación á mesma. O Sr. Alcalde comprometérase a convocar unha comisión de urbanismo que ata o de agora non convocou, aínda que hoxe parece ser que a vai convocar, achegando o citado informe ao Sr. Secretario da Corporación e copia á Concelleira de Obras e ao propio Alcalde.

Consultada a relevancia do informe a servizos xurídicos especializados e de forma indirecta á Fiscalía, informan de que existe materia con posibilidade de prosperar xuridicamente pero que necesitan que o Sr. Alcalde sexa informado dun xeito claro e obxectivo da posibilidade de que esta cadea de decisións tomadas constitúan un posible delito de prevaricación. Así pois, fai entrega do informe ao resto de grupos da oposición e ao Sr. Secretario de novo cos anexos correspondentes para que se inclúan na acta deste pleno, e que dalgunha maneira posterior cando esixan unha revisión da acta, a Deputación tome a consideración a posibilidade, se fose mester, do inicio dalgunha actuación complementaria.

Quere tamén aclarar que nunca esperou que tivese que ter feito isto nun pleno. Este é un tipo de actuación de carácter excepcional e totalmente innecesario, compórtanse con excepcionalidade: solicitaron informes aos servizos técnicos municipais, que el denegou; déronlle tempo, aproximadamente dous meses, para solucionar o problema ou polo menos para escoitar unha xustificación lóxica, que non recibiron en ningún momento; quixeron unha comisión de urbanismo que evitou ata o de agora. En definitiva, a súa propia actitude ao respecto do goberno municipal, que aparece despois da consecución da maioría absoluta polo seu grupo, e esta é unha opinión moi persoal, a política e a anterior, aproveitando que o Sr. Alcalde acaba de dicir hoxe que se se equivoca é capaz de rectificar; e aínda hai tempo, o que lle dixeron que tiñan que facer xa o fixeron ante a falta dun informe oficial, facendo eles entrega do informe agora.

4.- Como vai a súa proposta electoral sobre da modificación do PXOM?. Posto que acaba de escoitalle hoxe que pretende a modificación dun campo de fútbol por valor duns 100.000 euros, gustaríalle coñecer se un dos problemas maiores do concello, que é o PXOM, lle merece igual interese.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos.